



# I Concurso Eco-esCultura Concello de Valdoviño 2022

## 1. Antecedentes

No marco da conmemoración do Día Mundial do Medio Ambiente e do Día Mundial dos Océanos, o Concello de Valdoviño, a través do Departamento de Cultura e do Océano Surf Museo, pon en marcha actividades dirixidas a abordar e concienciar sobre os problemas ambientais de acordo cos lemas de 2022 “Unha soa terra” e “Revitalización: acción colectiva polos océanos”.

## 2. Obxectivos

Crear conciencia respecto á reciclaxe construíndo unha escultura mediante materiais reciclables e implicar ao conxunto da comunidade para a toma de decisións que leven consigo unha vida máis limpa, ecolóxica e sostible.

Fomentar o espírito comprometido co medio ambiente e promover os ODS (Obxectivos de Desenvolvemento Sostible).

## 3. Participantes

Poden participar todas as persoas físicas, de xeito individual ou conformando grupos.

Só se permite unha escultura por persoa ou equipo.

## 4. Inscripción

A participación é gratuíta e cómpre inscrición previa entre o **18 e o 30 de xuño de 2022**, a través do formulario que estará a disposición dos interesados na páxina web do Concello, na Casa da Cultura, nos QR dos tótems informativos e nos carteis da actividade. Tamén será enviado a través das canles de comunicación da Casa da Cultura (sms e correo electrónico para adscritos) e do whatsapp Novas Valdoviño.

Enlace ao formulario de inscrición: <https://bit.ly/3Od1HGX>.



## 5. Lugar e día de celebración

Os participantes deberán presentarse ás **11:00 horas** na contorna do parque da Praia da Frouxeira o **2 de xullo de 2022**. Os participantes realizarán as obras *in situ*, tendo de prazo ata as 19:00 horas da mesma xornada para a súa finalización. Posteriormente terá lugar a deliberación do xurado e a entrega de premios.

## 6. Características das obras

A disciplina será a escultura.

A temática será libre. Non se admitirán obras con contidos que atenten contra a dignidade e os valores das persoas.

As obras terán como base o material recollido durante a “Xuntanza Interxeracional de limpeza ambiental de praias” organizada previamente polo Océano Surf Museo. Está permitida a aportación de material adicional e procedente de reciclaxe, que será revisado pola organización do certame no momento da presentación dos participantes. Non se admitirán pezas previamente montadas.

## 7. O xurado. Criterios de avaliación

O xurado estará constituído por un número impar de persoas con coñecementos do mundo da arte, da cultura e/ou do medio ambiente.

O fallo do xurado será inapelable e estará baseado nos seguintes criterios:

- Creatividade.
- Orixinalidade.
- Valor estético e artístico.

## 8. Premios

Concederase un premio de 100 € en vale para consumo local. O xurado ten a postestade de decidir o reparto deste premio ou declaralo deserto se así o considerase oportuno.

Todos os participantes recibirán como agasallo un eco-lapis plantable.



A entrega de premios terá lugar ao final da xornada, contra as 20:30 horas, sendo obrigatoria a presenza da persoa premiada ou dalguén que a represente, de non ser así o premio pasará ao segundo clasificado e así sucesivamente.

## **9. Condicións do concurso**

Durante a duración do certame, o público interesado poderá observar o proceso de creación e o resultado do mesmo. As esculturas serán exhibidas nesa única xornada.

As obras resultantes quedarán a disposición dos seus autores unha vez concluída a entrega de premios, de nos seren retiradas o Concello decidirá sobre o seu destino.

Autorízase ao Concello a publicación e difusión da actividade nos medios de comunicación e redes sociais.

## **10. Información e contacto**

Poderán realizarse consultas sobre o concurso a través dos seguintes medios:

- Vía correo electrónico: [cultura@concellodevaldovino.com](mailto:cultura@concellodevaldovino.com)
- Presencialmente nas oficinas da Casa da Cultura e/ou vía telefónica no 981 487 666 e no 645 305 229 de luns a venres de 10:00 a 14:00 horas.

## **11. Aceptación das bases**

A presentación ao *I Concurso de Eco-esCultura do Concello de Valdoviño* supón a aceptación das presentes bases.